



PROTOCOLO DE ACCIDENTES DURANTE HORARIO LECTIVO

No C.P.I. PLURILINGÜE de Fonte Díaz de Touro os accidentes escolares clasifícanse en LEVES – MENOS GRAVES E GRAVES.

No caso de que, a xuízo do persoal do Centro que vexa o suceso, un accidente sexa leve, realizáranse as curas pertinentes no propio Colexio.

Cando o accidente sexa un suceso menos grave, chamarase aos pais para que sexan eles os que tomen as medidas oportunas.

En caso de accidente grave, e tras a comunicación á dirección do centro, esta chamará en primeiro lugar ao teléfono de emerxencias para cubrir a necesidade de traslado ao hospital, avisando de seguido aos pais.

Todos aqueles alumnos que sexan beneficiarios do seguro escolar da ANPA do noso centro, sempre terán que ter en conta que o centro de referencia e o “POLICLÍNICO LA ROSALEDA” en Santiago, e que deberán de presentar o parte que se lles proporcionará no centro, ou na aseguradora, para poder ser atendidos.

OS PAIS TEÑEN A OBRIGA DE COMUNICAR CALQUERA CAMBIO DE TELÉFONO, DIRECCIÓN, ETC, PARA QUE EN CASO DE EMERXENCIA POIDAN SER LOCALIZADOS.